

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURA ISMO PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDICIÓN 2025 DE ABANEA FESTIVAL DE DANZA E MOVEMENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Asociación Cultura ISMO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da cuarta edición do Festival de Danza e Movemento Abanea que organiza a Asociación Cultura ISMO. O festival celebrarase na segunda quincena do mes de xullo nas localidades de Ames, Outes, Marín, Foz e Celanova, cunha programación composta por 17 funcións de 10 compañías procedentes de Valencia, Navarra, Madrid, País Vasco e Galicia, e á que se suman as actividades de mediación que permiten fortalecer a participación cidadá: realización de obradoiros de danza abertos á comunidade; o podcast en directo "Abanea Canle", con entrevistas a artistas e público; o proxecto "Pista de baile", espazo para a danza comunitaria que se abre ao público ao final de cada xornada de programación; e o programa "Happening danza-clown", iniciativa nova que intenta implicar o público nos espazos públicos, adaptando a acción artística aos contextos específicos de cada sede e facendo así promoción de cada xornada. A artista emerxente que recibirá acompañamento nesta edición será Andrea Castro. Completan a programación outras accións complementarias que nacen das oportunidades que ofrece a itinerancia e a presenza dos artistas convidados, como encontros profesionais ou charlas para profesionais e público.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Cultura ISMO nace coa misión principal de achegar a danza e as artes do movemento á cidadanía e xerar sinerxías entre os profesionais do sector e co obxectivo último de converterse en referencia autonómica e nacional na xestión de proxectos de artes do movemento. Entre as actividades que, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a Asociación figura o Festival Abanea, un festival nova xeración nacido en 2022 avalado pola traxectoria individual do equipo organizativo. Abanea é un festival de danza e movemento itinerante que se estende ás catro provincias galegas, que procura ir variando en cada edición para cumprir con ese obxectivo fundacional da asociación de dar accesibilidade ás prácticas culturais relacionadas coa danza e as artes do movemento a toda a cidadanía, sobre todo aos públicos afastados dos centros culturais das capitais. E en consonancia con esa finalidade, Abanea acompáñase tamén dun programa de mediación que permite crear un vínculo directo entre a danza e a poboación co desenvolvemento de actividades en formato obradoiro onde o



público entra en contacto directo co movemento e que en cada localidade se destina a comunidades concretas.

O esforzo que está levando a cabo a Asociación para levar a danza e as artes do movemento máis alá das zonas máis poboadas, para facilitar o desenvolvemento dos profesionais do sector, para avivar e apoiar o talento emerxente e para potenciar a creación de públicos con estratexias de mediación, coincide coa liña de difusión e promoción da danza que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

A especificidade das actuacións, o carácter itinerante e descentralizador do proxecto, que non o vincula a unha poboación concreta senón que se espalla a localidades das catro provincias galegas e fóra dos grandes núcleos de poboación, o intenso traballo na dinamización de públicos a través das actividades de mediación, participativas e colectivas, a exclusividade da entidade como organizadora do Festival Abanea, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

